CA3.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas aplicando transformacións no plano.	PE	90
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante transformacións no plano.		
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións entre as transformacións do plano e o campo da arte.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa vectores e as transformacións no plano con ferramentas dixitais e manipulativas.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	10
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Movimentos e transformacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica. - Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria). - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
10	Funcións e gráficas. Funcións lineais e cadráticas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e cadráticas a partir das súas ecuacións. Estuda as propiedades relevantes destas funcións a partir das táboas e gráficas.	PE	90
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir	Recoñece as relacións lineais e cadráticas en situacións da vida real e represéntaas a partir da súa ecuación.		
CA4.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Utiliza software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	10
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións e funcións. - Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación. - Identificación de funcións lineais e cadráticas e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. Identificación dos seus elementos característicos. - Identificación de relacións cuantitativas en situacións da vida cotiá e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan. - Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas. - Dedución da información relevante de funcións lineais e cadráticas a partir das súas diferentes expresións. - Uso da tecnoloxía para a construción e a representación de funcións. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. - Uso de calculadoras gráficas e distintos programas para a construción e representación de funcións. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
11	Táboas, parámetros e gráficos estatísticos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.	PE	90
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece os principais tipos de mostraxe e organiza datos dados dunha variable continua, agrupándoos en intervalos e construíndo a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización, posición, dispersión e o coeficiente de variación.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable continua e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixo a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística desta unidade recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	10
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas. - Recollida e organización de datos de situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións móbiles...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. - Inferencia. - Formulación de preguntas adecuadas para coñecer as características de interese dunha poboación. - Diferenciación entre poboación e mostra en problemas contextualizados. Selección e representatividade da mostra en casos sinxelos. - Presentación de datos relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas. - Obtención de conclusións razoables a partir dos resultados obtidos, co fin de emitir xuízos e de tomar decisións adecuadas en problemas contextualizados. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
12	Azar e probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece as principais agrupacións e recontos de elementos de combinatoria.	PE	90
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	Investiga conxecturas en experimentos aleatorios a través de experiencias sinxelas.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula probabilidades de sucesos empregando as propiedades da probabilidade e a regra de Laplace.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica a probabilidade experimental coa frecuencia relativa dun suceso e recoñece a súa utilidade en avances científicos e sociais.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica a súa interpretación da probabilidade utilizando a linguaxe asociada á incerteza de experimentos aleatorios.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece e emprega con precisión os conceptos de fenómenos deterministas, fenómenos aleatorios, espazo mostral e suceso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	10
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Aplicación de estratexias variadas para facer recontos sistemáticos en situacións da vida cotiá. Introducción á combinatoria. - Incerteza. - Identificación de fenómenos deterministas e aleatorios. Espazo mostral e sucesos. - Interpretación da probabilidade como medida asociada á incerteza de experimentos aleatorios. - Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace. - Estudo das propiedades básicas da probabilidade e resolución de problemas contextualizados. - Planificación e realización de experiencias sinxelas para analizar o comportamento de fenómenos aleatorios. - Asignación de probabilidades a partir dos resultados dun experimento aleatorio. Frecuencia relativa e probabilidade. - Papel do cálculo de probabilidades en distintos avances científicos e sociais. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.

Contidos

- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas mestres da metodoloxía didáctica proposta polo departamento son:

-Configurar o ensino na ESO de forma cíclica, de tal xeito que en cada curso aparezan contidos que xa figuraron en forma máis elemental en cursos precedentes, co obxecto de que o sistema permita o repaso e a mellor fixación de ideas e técnicas, ampliando o seu campo de aplicación e posibilidade de relación.

-A metodoloxía adaptarase a grupos e contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, e procurando sempre unha adecuada motivación para animar ao alumnado e rendibilizar todo o posible os recursos de que se dispoñan. Así mesmo será activa e participativa, de forma que facilite a aprendizaxe, tanto individual como colectiva, e que, como un dos seus eixos, favoreza a adquisición das competencias clave, especialmente a relacionada coa competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

-Neste proceso de aprendizaxe, de ser posible, partindo de situacións concretas, intentarase posteriormente que o alumnado aplique o aprendido noutras situacións ou contextos, considerando esta como a verdadeira utilidade das matemáticas.

-Promoverase que o alumnado sexa capaz de valorar os resultados obtidos na resolución de exercicios e problemas, e sexa crítico cos mesmos, interpretando se a solución é coherente co enunciado ou non e valorando o posible erro obtido ou cometido.

-Durante a secundaria son aconsellables as actuacións que potencien a aprendizaxe inductiva a través de observacións e manipulacións, reforzando a adquisición de destrezas básicas, esquemas e estratexias persoais e colectivas, e consolidando a aprendizaxe das estruturas novas, para rematar coa resolución de problemas.

-Ó ter en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, os contidos deben estar explicados de tal xeito que permitan extensións e gradacións para a súa adaptabilidade.

-O enfoque dos temas será preferentemente intuitivo e operativo, prescindindo do formalismo lóxico na meirande parte das exposicións, agás nos casos nos que coincide coa intuición. Compre coidar especialmente o tecido de interrelacións temáticas tanto explicitándoo a posteriori como dándolle ós alumnos oportunidade de descubri-lo por si mesmos nos exemplos concretos. Isto reflectirase tamén na formulación de exercicios e problemas, sexan a realizar durante a clase ou dentro das probas de avaliación.

-As esixencias de memorización serán só as imprescindibles, o que é algo moi distinto das rutinas operativas e da aplicación de conceptos, que compre automatizar, é dicir, constituír en linguaxe adquirida, manexada con soltura comparable á linguaxe ordinaria, en canto significa adquisición de estruturas matemáticas básicas: nocións como multiplicación-división, área, medida en xeral, e relacións entre eles.

-O repaso dos coñecementos máis elementais farase de forma que os alumnos teñan ocasión de percibir e expresar

as relacións e propiedades que ata agora quizás simplemente manexaban. Este é o motivo de deterse especialmente no repaso dos contidos do curso anterior.

-Intensificar a realización de actividades e problemas en contextos reais (tipo Probas de Diagnóstico, tipo PISA) que contribúan a que o alumando adquiera as competencias básicas. Analizando os resultados de anos anteriores, facer fincapé nos problemas como di o noso alumnado "con moita letra", relacionados con coñecementos doutras materias, relacionados coas porcentaxes, interpretación de gráficas e estatística.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

-Empregaranse, preferentemente, os recursos dixitais e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

-Breves introducións que centran e lle dan sentido e apoio intuitivo ao que se fai.

-Exposición concisa do profesorado utilizando diversos soportes, preferentemente utilizaranse os medios dixitais. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

-Procedementos moi claros.

-Exercicios e problemas ben elixidos, secuenciados e clasificados.

-Sempre que sexa posible vincular os contidos a contextos reais así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos.

-Utilización, preferentemente de software educativo para entender mellor os contidos, para comprobar as actividades realizadas e, en xeral, como soporte e recurso facilitador da construción de ideas.

-Traballo reflexivo persoal no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar e descubrir.

-Traballo en grupo cooperativo para o desenvolvemento das actividades e problemas propostos.

-Combinar o traballo individual co traballo en grupo para que, deste xeito, o alumando aprenda a transmitir a información que el mesmo xera utilizando a linguaxe matemática e os procedementos que el mesmo seguiu para atopar a solución dos problemas ou exercicios.

-Potenciarase o traballo de investigación e de coñecemento da historia da matemática así como de diversos matemáticos importantes polos traballos desenvolvidos, no ámbito das matemáticas, ao longo da súa vida.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Matemáticas 3º ESO da editorial McGraw-Hill
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o

Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Calculadora científica
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)
Ordenador portátil.

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará un ordenador portátil, prestado polo proxecto E-DIXGAL que lle permite conectarse a internet e polo tanto á aula virtual do centro e ao libro de texto virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao longo das primeiras semanas do curso e poderán realizarse de diversas maneiras:

- Observación e preguntas formuladas na clase.
- Realización de exercicios na clase.
- Saídas ao taboleiro.
- Entrega de actividades realizadas polo alumnado.
- Realización dunha proba escrita.

A partir de todos os datos recollidos mediante este procedemento, avaliarase se o alumnado ten adquiridos ou non os contidos mínimos de cursos anteriores necesarios para afrontar o curso actual.

Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	11	9	8	8	10	7	8	9
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10

Criterios de cualificación:

Convén aclarar en primeiro lugar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se domine toda a anterior. En consecuencia, a superación dunha avaliación non supón a superación de todas as anteriores e, en particular, a nota final pode ser inferior á nota da terceira avaliación. Durante a realización do exame, o alumnado só debe dispor do material que permita expresamente o profesor, estando totalmente prohibido o uso de smartphones. En caso contrario (chuletas, móbiles...), o alumno ou alumna perderá o dereito a realización do exame que lle será recollido polo profesor, notificado a xefatura de estudos e recollido no xade e recibirá a cualificación mínima.

En xeral, este Departamento aplicará o seguinte procedemento cualificador para o 3º curso da ESO:

Ao remate de cada avaliación a cualificación do alumnado obterase da seguinte forma:

1. Cualificación provisional da avaliación: A media aritmética das cualificacións das probas escritas (tendo en conta as ponderacións, se as hai, entre as distintas probas escritas, e que o profesorado debe comunicar ao alumnado) converterase na cualificación provisional da avaliación. No caso de que algunha unidade ou unidades non sexan impartidas, o seu peso distribuirase de forma equitativa entre as demais unidades didácticas da avaliación correspondente.

2. A cualificación definitiva da avaliación será a media ponderada entre:

2.1 A cualificación provisional da avaliación o 90%.

2.2 A observación directa da súa actitude cara a materia (OBS) o 4 %:

-Por participar de maneira activa e positiva (atendendo as explicacións, esforzándose, mostrando interese e participando na clase, respondendo as preguntas do profesorado e intervindo no encerado) e polo caderno de clase (para poder valorar, por unha parte, o seu coidado; por outra, o esforzo para ir anotando nel todo o que o profesor considere que debe ser recollido deste xeito; e por último, o grao de realización das actividades propostas e a corrección dos exercicios mal resoltos).

2.3 Produción do alumnado (PA) o 6%:

2.3.1 Resolución de boletíns ou fichas de traballo realizadas individualmente ou en equipo e entregadas no prazo indicado o 3%

2.3.2 Realización das tarefas na casa o 3%.

2.3.3 Se algún dos puntos anteriormente citados non fose avaliado, a porcentaxe asignada ao outro punto será do 6%.

3. A cualificación definitiva determinará o alumnado que aproba a avaliación (media non inferior a 4,5) e que alumnado a suspende (media inferior a 4,5).

4. A cualificación final ordinaria calcularase facendo a media ponderada das cualificacións definitivas de cada avaliación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda a primeira avaliación e/ou a segunda (cualificación menor que 4,5) seguirá un programa de recuperación e terá unha proba escrita que porá fin a dito programa. No caso de que se realice máis dun exame de recuperación dunha mesma avaliación, elixiríase como nota da recuperación a maior de todas. No caso de obter máis nota neste programa de recuperación que na avaliación, esta modificarase calculando a media ponderada: 80% nota do programa de recuperación, 20% nota da 1ª avaliación correspondente, exceptuando o caso de que a nota da recuperación sexa é maior ou igual que 4,5 e a media ponderada sexa menor que 4,5, en cuxo caso quedaría un 4,5 como nota definitiva da avaliación.

Ao remate dos exames da 3ª avaliación o cálculo da cualificación final provisional determinará o alumnado que aproba a materia (media non inferior a 4,5) e o alumnado que a suspende provisionalmente (media inferior a 4,5).

O alumnado suspenso seguirá un programa de recuperación cunha proba escrita final. A nota será modificada de obter máis nota na proba de recuperación que nas avaliacións suspensas.

Rematadas as recuperacións, a cualificación final será a media ponderada das cualificacións definitivas de cada avaliación, que non teñen porque coincidir coas cualificacións que aparecen no boletín de notas. Se a cualificación final non é inferior a 4,5, o alumno terá a materia aprobada. Se a cualificación final é inferior a 4,5, o alumno terá a materia suspenso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

O profesorado do departamento dividirá os contidos esixibles entre os dous parciais, abarcando ámbolos dous a totalidade de contidos esixibles

Ao comezo de cada unha das dúas fases ou parciais, cada profesor do departamento entregarlle aos seus alumnos que teñan a materia pendente unha serie de actividades que deben entregar realizadas antes de que remate o parcial. Estas actividades serán elaboradas polo Departamento e serán deseñadas, de acordo cos contidos esixibles e os criterios de avaliación referidos anteriormente, para orientar o máximo posible aos alumnos de cara a proba escrita que deberán facer ao final de cada parcial. As preguntas desas probas escritas serán similares a s actividades propostas.

O alumnado deberá facer os exercicios de cada unha das partes, e ten de prazo para entregalos unha semana antes da realización de cada proba parcial escrita, que entregará ao profesor/a do curso actual para a súa revisión. Unha vez corrixidos polo profesor/a devolveránselle ao alumnado para que reelabore os respostas incorrectas. O alumnado poderá consultar as dúbidas que se lle presenten na resolución dos exercicios ao profesor/a da materia na clase ou ben no lugar de atención que ambos acorden. As datas das probas escritas serán fixadas pola Xefatura de estudos e comunicaránselle ao alumnado (tamén no taboleiro de anuncios), coa suficiente antelación e a ser posible sen coincidir con outras probas.

En cada parcial, a avaliación do traballo feito polos alumnos nas actividades propostas correrá a cargo dos seus respectivos profesores do departamento, mentres que a avaliación das probas escritas finais correrá a cargo dos profesores designados ao respecto polo Departamento.

A avaliación do traballo feito nas actividades dará lugar a unha nota máxima de 1,5 puntos (valorándose o grao de realización das actividades propostas, a claridade e coherencia ordenada e razoada na exposición das respostas e a avaliación da proba escrita, cunha nota máxima de 8,5 puntos. A cualificación definitiva do parcial será a suma de ambas as dúas notas e considerarase que un alumno superou o parcial cando esa cualificación definitiva non sexa inferior a 4,5 puntos. No caso de que alumnado non entregue os exercicios no prazo establecido, terá unha cualificación nula nesta parte.

Superarán a materia pendente os alumnos que, ao considerar as súas cualificacións definitivas nos dous parciais, obteñan unha nota media non inferior a 4,5 puntos. En caso contrario, terá que presentarse a proba final e examinarse do parcial ou parciais suspensos. A cualificación obtida por un alumno ou alumna neste proba final determinará se continúa coa mesma cualificación que tiña en cada parcial ou se se modifica (modificarase no caso de obter máis nota na proba final que na orixinal). No caso de modificación, a nota de cada parcial calcularase do mesmo xeito que ao principio, é dicir, a suma da nota do traballo (máximo 1,5 puntos) máis a nota do parcial (máximo 8,5 puntos), exceptuando o caso de que a nota do parcial ou parciais realizados na proba final sexa positiva (maior ou igual que 4,5 sobre 10) e a suma anterior sexa negativa (menor que 4,5) en cuxo caso quedaría un 4,5 como nota definitiva do parcial correspondente.

Unha vez rematada a proba final, superarán a materia pendente os alumnos que, ao considerar as súas cualificacións

definitivas nos dous parciais, obteñan unha nota media non inferior a 4,5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Unha vez iniciado o curso, o profesorado que imparta a materia de Matemáticas, seguindo a normativa vixente (Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021) e o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro (PXAD), encargárase de:

-Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos, ben por dificultades de comprensión, ben por padecemento dalgún trastorno ou síndrome, ou ben por altas capacidades intelectuais semelle, que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.

-Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurárase a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

-Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.

-Propoñer, na correspondente xunta de avaliación inicial, o alumnado que precisa algún tipo de medida de atención á diversidade na materia de Matemáticas.

-Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estime oportunas.

-Aplicaranse os diferentes protocolos publicados pola Xunta de Galicia para a Atención á Diversidade en función das necesidades detectadas (altas capacidades, TDAH, TEA, dislexia, etc.).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades extraescolares ou outros.
Charlas informativas relacionadas con distintos interese para o noso alumnado	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionados coa materia.
Actividades relacionadas cas TIC's	Uso de ordenadores para o uso de programas informaticos como Geogebra, de internet para visionado de vídeos científicos ou canales de YouTube.
Saídas didácticas	Saídas didácticas do centro de carácter científico que poderían realizarse conxuntamente con outros departamentos.

Observacións:

A Xefatura do Departamento procurará, na medida do posible, a colaboración e organización de actividades de forma conxunta con outros departamentos do Centro.

Como actividades específicas vinculadas á área de Matemáticas propónse:

- Estudio matemático do contido dun xornal:

- Gráficas, táboas, números, etc.

- Análise da superficie escrita: galego, noticias locais, cartas, etc.

- Saídas didácticas do centro (no caso de que se realice algunha convocatoria específica de carácter científico ou algún concurso de divulgación matemática) que poderían realizarse conxuntamente con outros departamentos (Xeografía e Historia, Língua Galega) onde quede reflexada a transversalidade das Matemáticas.

- Proxectaranse vídeos de contido matemático (colección Universo Matemático, colección Más Por Menos) ou de canales de YouTube de carácter científico como "Derivando", "Quantum Fracture", etc), cando menos unha vez por avaliación, facendo uso dos proxectores instalados nalgunhas aulas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado. (Proceso do ensino)
2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe. (Proceso do ensino)
3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. (Proceso do ensino)
4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado. (Proceso do ensino)
5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado. (Proceso do ensino)
6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. (Proceso do ensino)
7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado. (Proceso do ensino)
8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación. (Proceso do ensino)
9. Valorar realmente a observación do traballo na aula. (Proceso do ensino)
10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado. (Proceso do ensino)
1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado. (Práctica docente)
2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise. (Práctica docente)
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade. (Práctica docente)
4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. (Práctica docente)
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo. (Práctica docente)
6. Potenciar estratexias de animación á lectura. (Práctica docente)

7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita. (Práctica docente)
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe. (Práctica docente)
9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. (Práctica docente)
10. Corrixir rapidamente as probas e traballos. (Práctica docente)
11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos. (Práctica docente)
12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros. (Práctica docente)
13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación. (Práctica docente)
14. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe. (Práctica docente)
15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación. (Práctica docente)

Descrición:

No proceso de avaliación dos procesos de ensino e da súa propia práctica docente, o departamento de Matemáticas establece os indicadores de logro que figuran anteriormente cunha escala de 1 a 4 aparelada, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado. A avaliación será realizada ao final do curso, individualmente por cada membro do departamento e entregada ao xefe do departamento, para ser tida en conta na elaboración da memoria final do curso, e facer propostas de melloras para vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, etc.

As reunións do Departamento conforman o escenario propicio para debater sobre todo o comentado anteriormente. E dicir, conforman o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que van aparecendo.

De todas as maneiras, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do seguinte curso. Despois de analizar toda a información será cando en dita memoria final se desenvolvan as propostas de mellora da programación. Facilitarán esta análise os seguintes indicadores:

1. Respectar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas.
2. Respectar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
3. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
4. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
5. Respectar o plan de avaliación inicial fixado.

6. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
7. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.
8. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.
9. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
10. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.
13. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
14. Realizar as actividades complementarias previstas.
15. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
16. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.
17. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.
18. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
19. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación.

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

9. Outros apartados